



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2024/G010/000010

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 05/12/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 05/12/2024, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación quere formular algunha observación ao contido da acta da sesión anterior, non se produce ningunha intervención e procédese á votación da mesma quedando aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS

MOCIÓN PRESENTADA POLO PORTAVOZ DO GRUPO POPULAR DE FISTERRA LUIS INSUA LAGO RELATIVA A MEDIDAS URXENTES PARA SOLUCIONAR A FALLA DE PERSOAL DO INSTITUTO SOCIAL DA MARINA (ISM) EN GALICIA.

Dada conta do seu contido:

“A pesca é unha actividade económica fundamental para Galicia, non só pola súa contribución ao PIB autonómico, senón tamén polo seu impacto no emprego e na cohesión social das comunidades costeiras. Porén, a falta de persoal no Instituto Social da Mariña (ISM) está a afectar gravemente a capacidade dos mariñeiros para obter os recoñecementos médicos necesarios para o exercicio da súa profesión. Esta situación está a xerar importantes atrasos e poñendo en risco a saúde e seguridade dos traballadores do mar, así como o funcionamento das frotas pesqueiras. É imperativo que se tomen medidas urxentes para solucionar este problema e garantir que a xente do mar poida acceder aos servizos médicos de forma oportuna e eficiente. Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Popular insta ao Concello de Fisterra a dirixirse ao Goberno central demandando:

1. Contratar de xeito urxente o persoal necesario para cubrir as necesidades dos centros de atención dos mariñeiros desta bisbarra e, nomeadamente, os deste termo municipal.
2. Dotar ao ISM dos medios materiais e tecnolóxicos necesarios para axilizar os recoñecementos médicos a realizar en Galicia.
3. Establecer un plan de continxencia que permita atender inmediatamente as necesidades dos mariñeiros mentres se realizan as contratacións e melloras necesarias.
4. Impulsar convenios de colaboración con outras institucións sanitarias para garantir a cobertura médica dos mariñeiros en caso de saturación do ISM.”

INTERVENCÍONS

Sr. Luís Insua:

–“Eu vouna resumir, é unha Moción corta e bastante clara, simplemente que hai falta de persoal no Instituto Social da Marina (ISM) sobre todo para a xente do mar que ten que realizar os recoñecementos médicos noutras vilas como Noia ou Ribeira que son as que máis cerca están o cal resulta un inconveniente para a xente xa que paraliza a súa actividade”

Sr. José Marcote:

–“De todos é sabido que dende xa fai anos o ISM está indo a menos.Os que somos ou fomos traballadores do mar sabemos que o Réxime especial do mar a nivel asistencia



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

sanitaria xa hai tempo que desapareceu e quedamos integrados no servizo xeral da sanidade. Isto vén afectando a todos os servizos que prestaban, e este é un dos que aínda segue prestando o ISM e que vai camiño da extinción. Estamos de acordo coa Moción no sentido de que está ben, se esa é a proposta de que o servizo non se preste polo ISM e se preste por outro ente sexa cal sexa, a Consellería de Sanidade ou quen se estime oportuno que o faga, mentres tanto que as cousas se fagan ben e os mariñeiros non sufran ese deterioro do sistema e ese cambio sexa favorable, se hai que contratar de xeito urgente para que a xente poida facer os recoñecementos o máis cerca posible. Entendemos que o punto 4 é fundamental nesta historia, o que se tería que facer son convenios de colaboración con outras administracións onde o servizo sanitario se desenvolva que as Comunidades Autónomas se fagan cargo do sistema sanitario, este incluído. Sería o máis fácil e cómodo pero mentres tanto hai que ter o persoal suficiente.”

Sra. Teresa Fernández:

-“ Eu quero dar a benvinda ao PP á política reivindicativa, nós xa mostramos o noso voto a favor na Xunta Informativa o pasado luns. Sería incoherente non facelo xa que no seu día tamén presentamos unha Moción no mesmo sentido, un pouco máis completa porque tamén se pedía que non desaparecera a Oficina administrativa de Fisterra, conseguimos isto así como a ampliación de 30 facultativos para cubriren baixas, o sector da pesca e marisqueo ten que desprazarse ata Noia para revisións e de feito para facer as analíticas van a Corcubión, logo volven a Noia para coñecer os resultados das mesmas ante a falta de persoal de enfermería en Noia tamén.

O mesmo está pasando cos cursos de formación teñen que desprazarse a outras provincias e incluso a outras Autonomías para ampliaren a súa formación polo tanto o noso voto é favorable”.

Procédese a votación desta Moción, queda aprobada por unanimidade dos asistentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

3º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Dase conta dos decretos que van dende o Decreto 2024/G003/000566, de data 30/09/2024, ata o Decreto 2024/G003/000722, de data 29/11/2024. O Pleno dase por enterado. Non se producen intervencións ao respecto.

4º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN.

-Non se producen intervencións

C) ROGOS E PREGUNTAS

5º) ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIÓNS:

Sr. Luís Insua:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Queremos saber a dispoñibilidade que ten o uso do pavillón municipal, pódese alugar, aplícase algunha ordenanza, se é que existe algunha? No caso de que se solicite, cal é a forma de facelo, hai que pagar algún tipo de taxa por hora ou minuto. Cal é o funcionamento e como poden acceder os usuarios?”

Sra. Alcaldesa:

-“Primeiramente solicitándoo pero teñen preferencia o alumnado para actividades deportivas en xornada lectiva, logo as actividades que imparte o Departamento de Deportes do Concello. Teñen preferencia as lectivas sobre todo o IES FIN DO CAMIÑO, que utilizan esas instalacións.

Eles teñen prioridade, despois as actividades deportivas municipais dentro da súa programación e logo as Asociacións Deportivas e Culturais tales como a S.D Deportiva Fisterra, a Escola FUTSAL e a Asociación Rapacollóns xa o teñen solicitado e conveniado.

Logos os demais usuarios/as solicítano e tratamos de darlle unha solución. Hai que coordinalos a todos. De momento funciona así.”

-Sr Luís Insua:

-“ Estase alugando a particulares?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non se está alugando. Existe unha Ordenanza que está obsoleta. O pavillón estivo paralizado, abriuse hai pouco e aínda non está ao 100%. Temos un proxecto que ascende a 240.000 € para poñelo a punto (baños, aseos, duchas) Así que aínda non está en condicións”

-Sr Luís Insua:

-“Está en condicións si ou non?”

Sra. Alcaldesa:

-“Está aberto. Pode utilizarse con plena seguridade pero non está en condicións óptimas para poñer en marcha a ordenanza. Úsano e non pagan, non paga ninguén”.

Sr Luís Insua:

-“Entón, os particulares non poden alugar o pavillón?”

Sra. Alcaldesa:

-“Si o solicitan por escrito e se poden coordinar coas actividades descritas si”

Sr Luís Insua:

-“O tema da pista está contemplado nos 240.000 €?”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Si”

Sr Luís Insua:

-“A semana pasada saíu no facebook do Concello un anuncio sobre un posto a cubrir de asistencia domiciliaria (servizos sociais) e poñía que non se requiría titulación”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non era un posto para o Concello, o Concello ten as súas traballadoras e logo sírvese dunha empresa cando se produce unha baixa médica. O Concello poñía de manifesto que facía falta xente e que se puxeran en contacto”.

Sr Luís Insua:

-“O que me chamou a atención e que poñía que non era necesaria titulación”

Sra. Alcaldesa:

-“Supoño que a empresa solicitaba unha traballadora para cubrir baixas por eso non pedía titulación, eso partiu dos servizos sociais”

Sr Luís Insua:

-“E un pouco raro que se poña nas redes do Concello que se busque xente sen titulación para unha tarefa tan delicada”

Sra. Alcaldesa:

-“A tarefa non a poñía, pode supoñer o que queira”

Sr Luís Insua:

-“Vostede dixo que era para cubrir baixas”

Sra. Alcaldesa:

-“Cando temos baixas hai unha empresa que nos atende e está en contacto coas traballadoras sociais. Non é un traballo directamente do noso Concello”

Sr Luís Insua:

-“En relación ao mercadillo que se celebra os martes e venres, falouse algo cos feirantes para dinamizalo porque ultimamente hai 2 ou 3 postos. Cal é o futuro?”

Sra. Alcaldesa:

-“Nós as accións que levamos a cabo son as pertinentes relativas ao cobro das taxas”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Lévanse ao día as recadacións?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non están todos ao día, supoño que non veñen para non poñerse ao corrente. Se ao final queremos que non paguen nada xa o decidiremos.”

Sr. Luís Insua:

-“Hai dous anos aprobouse en Pleno un aumento da tarifa. Estou mirando aquí no facebook do Concello e pon Departamento de Servizos Sociais: precisamos de persoas dispostas a traballar como Auxiliar de Axuda no Fogar con urxencia”

Sra. Alcaldesa:

-“Non é unha oferta de traballo do Concello”

Sr. Luís Insua:

-“Tamén se publicitou que había un proxecto para a zona de entrada ao paseo marítimo, na zona do taller mecánico da Anchoa. Un proxecto que contemplaba diferentes actuacións máis alá do asfaltado que se fixo do firme. Por qué non se levou a cabo este proxecto tal e como estaba contemplado toda vez que había un proxecto presentado cunha subvención para executalo de máis de 50.000 € por parte da Xunta de Galicia, (Axencia de Turismo), unha subvención de envellecemento do litoral, que pasou con isto, por qué non se fixo?”

Sra. Alcaldesa:

-“Foi concedida unha subvención e logo había que solicitar as autorizacións pertinentes, á Consellería de Medio Ambiente (Costas de Galicia), foi feita a día 12 de marzo de 2024 e a Resolución chegou o 11 de outubro de 2024. Posteriormente solicitamos a renuncia á subvención posto que non daba tempo a licitar, adxudicar e pagar así como recepcionar en prazo”.

Sr. Luís Insua:

-“Perdeuse a subvención?”

Sra. Alcaldesa:

-“Renunciamos a ela por non poder executala”

Sr. Luís Insua:

-“O asfaltado foi con fondos propios?”

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Si, só se fixo eso”

Sr. Luís Insua:

-“ A canto ascendeu?”

Sra. Alcaldesa:

-“ 18.000 € + IVE “

Sr. Luís Insua:

-“Non se vai retomar o proxecto?”

Sra. Alcaldesa:

-“En principio temos pensado poñer liñas para aparcamento, adecentaremos con desbroces feitos polos nosos operarios. Esta era unha subvención polo coñecemento que teño non teñen previsto publicar outra. O que máis falta tiña era o firme e iso xa está solucionado. O demais era envellecemento e se non houbo a autorización non se puido executar”

Sr. Luís Insua:

-“Se non a deron por algo sería”

Sra. Alcaldesa:

-“Foi solicitada e reclamada en múltiples ocasións, e chegou o día 11/10 desde o 12/03/2024”

Sr. Luís Insua:

-“Puido facer algunha chamada”

Sra. Alcaldesa:

-“Fixéronse varias”

Sr. Luís Insua:

-“Podo numerar as actuacións que se fixeron por parte da Xunta de Galicia o último ano, ao mellor queda un pouco asombrada.

- Como **ROGO** gustaríame dirixirme a vostede que como Alcaldesa deixe de enganar á veciñanza ao respecto do Grupo Popular. Usa a manipulación e presión como arma para salvarse a sí mesma e todo o bo é grazas a vostede e todo o que non é tan bo é culpa do Partido Popular. Non lle vou permitir que siga xogando, ensuciando e



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

manipulando o nome deste grupo que gobernou en Fisterra máis que ningún outro. Gañou sempre as eleccións municipais, tamén as gañou hai un ano, aínda que vostede non o queira ver así. Este Grupo hai que tomalo en serio, se vostede non paga, se vostede non fai ou non sabe non é culpa deste grupo, é culpa súa que está aí. Nós a vostede non a apoiamos nin a imos apoiar nunca. Os 6 votos que a apoiaron están aí. Polo tanto negocie con eles as cousas para sacalas adiante.

Este Grupo non o manche nin o manipule ao seu beneficio e basta xa de mentir á xente”

Sra. Alcaldesa:

-“Eu non quero que vostede me facilite a min nada. Pídolle por Fisterra pero vostede con ese enfado que ten pasa de Fisterra. Esta tan boa xestión que fixeron os do Grupo Popular xa se ve agora nas herdanzas que nos deixaron: 9 edificios que teñen sentenzas”.

Sr. Luís Insua:

-“Que ten que ver iso?”

Sra. Alcaldesa:

-“Nós herdámolos da vosa xestión, pense en Fisterra”

Sr. Luís Insua:

-“Vostede pense en Fisterra non en vostede soa”

Sr. José Marcote:

-“Eu xa sabe o que lle vou preguntar porque lle fago a mesma pregunta en todos os Plenos pero non saímos desa situación. Temos documentos moi importantes que traer a este Pleno non para nós senón para a veciñanza, sobre todo a xente que ten propiedades no casco histórico que está pendiente do planeamento. Leva moitos anos así e agora non lle falta nada. No último Pleno dixo que non o trouxera por motivos administrativos pero que en todo caso poderíamos facer un Pleno Extraordinario se fora o caso, entón me imaxino que a situación non cambiou o suficiente porque non se celebrou o Pleno extraordinario nin o trouxo hoxe aquí.

Cal é exactamente o problema para que non se trouxera ou imos tardar moito”

Sra. Alcaldesa:

-“Depende dos servizos de urbanismo, o técnico estao estudando tanto ese como a Modificación do PXOM. Tan pronto o teña informarao, logo irá a Asesoría Xurídica e informará o Secretario Interventor e posteriormente traerase ao Pleno”

Sr. José Marcote:

-“A ver se o axilizamos un pouco o procedemento”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Este arquitecto ten que facer un informe e el non foi o redactor, entón ten que miralo minuciosamente”

Sr. José Marcote:

-“Pódelle pedir apoio ao redactor. Temos que ter en conta que temos un planeamento urbanístico que se aprobou no seu día pero temos que facer uso das modificacións puntuais porque os tempos cambian e sempre xurden novas necesidades, a través da exposición pública permítelles aos interesados e aos grupos políticos aportar o que consideren oportuno e mellorar na medida do posible ese documento”

Sra. Alcaldesa:

-“Nós estamos neso, tamén o queremos axilizar”

Sra. Teresa Fernández:

-“Sabem cándo comezarán as obras do Colexio Mar de Fóra?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non sei se xa fixeron a acta, é inminente. Teñen a licenza concedida e pagaron as taxas”

Sra. Teresa Fernández:

-“Non lle comunicaron nada?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, solicitaron a licenza, fixeron os trámites pertinentes e emitiuse a licenza”

Sra. Teresa Fernández:

-“Na área deportiva do Campo de San Vicente retiráronse dúas canastas, unha tirouna o temporal que houbo estes días, vanse repoñer?”

Sra. Alcaldesa:

-“Imos reparalas”

Sra. Teresa Fernández:

-“Sería posible combinalas con porterías, é unha zona que teríamos que aproveitar.”

Sra. Alcaldesa:

-“Agora mesmo non podemos gastar nada, a ver se o 2 de xaneiro”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Teresa Fernández:

-“No paseo de protección dunal da zona de Langosteira hai unha falta considerable de lousas de pizarra, Cando se van repoñer?.

Sra. Alcaldesa:

-“Faremos unha reposición cando poidamos”

Sra. Teresa Fernández:

-“No lugar da Insua, na zona alta onde está a casa de Canabal hai un camiño inhabilitado que cando chove vólvese un barrizal que dificulta o tránsito das persoas que alí viven.. A ver se poden miralo.

-Onde depositaron os cabezudos mentres o mercado cultural estivo en obras?”

Sra. Alcaldesa:

-“Estiveron na Escola de Suarriba, agora están na Cámara Agraria”

Sra. Teresa Fernández:

-“Sabe se están ben ou fai falta restauralos”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, están ben”

Sra. Teresa Fernández:

-“De novo volvo preguntar cándo presentarán as Ordenanzas sobre as autocaravanas e camiños forestais. Dixo que ía facer unha reunión cos portavoces dos grupos políticos pero non se fixo”

Sra. Alcaldesa:

-“Agora mesmo está publicada a intención de elaborar a ordenanza”

Sra. Teresa Fernández:

-“A intención era facer un pleno extraordinario”

Sra. Alcaldesa:

-“Se nos coincide cun Pleno ordinario xa se fai e senón farase un extraordinario. E preceptivo facer a consulta previa que saíu publicada na páxina do Concello (a de autocaravanas) e a outra sae en calquera momento. Exponse 20 días hábiles e despois procederemos por se hai opinións, a Ordenanza xa sabemos que está redactada”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 20:31 horas, do que, como Secretario , dou fe.